

Convocatoria de Cursos Celga 2, 3 e 4

[Resolución do 31 de xaneiro de 2023](#), da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán acceder á [Plataforma de Teleformación](#) da Secretaría Xeral de Política Lingüística, seleccionar o curso que desexen e cubrir a solicitude de inscrición. Cada persoa só poderá inscribirse nun único curso.

As persoas solicitantes dun curso en liña deberán dispoñer dun equipamento informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet (de banda larga).
- Un navegador web (recoméndase ter instalada a última versión de Firefox).
- Acceso á conta de correo electrónico especificada na solicitude de inscrición.
- Un micrófono ou calquera medio alternativo que permita a gravación de voz en formato electrónico (mp3 ou equivalente).

Aquelas persoas con necesidades educativas especiais que precisen apoio para realizar un curso presencial, indicarán na súa solicitude de inscrición o apoio concreto que necesitan, cuxa concesión será valorada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O prazo de presentación das solicitudes de inscrición estará aberto entre o 13 de febreiro e o 3 de marzo de 2023.

Probas Celga 2, 3 e 4. Resultados definitivos

Celga 2: resultados definitivos das probas do día 27 de novembro de 2022

Resolución do 10 de febreiro de 2023, pola que se publican os resultados definitivos das probas do Celga 2 realizadas o día 27 de novembro de 2022.

- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Santiago de Compostela](#)
- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Ponferrada](#)

Celga 3: resultados definitivos das probas do día 23 de novembro de 2022

Resolución do 10 de febreiro de 2023, pola que se publican os resultados definitivos das probas do Celga 3 realizadas o día 26 de novembro de 2022.

- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Santiago de Compostela](#)
- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Ponferrada](#)

Celga 4: resultados definitivos das probas dos días 19 e 20 de novembro de 2022

Resolución do 10 de febreiro de 2023, pola que se publican os resultados definitivos das probas do Celga 4 realizadas os días 19 e 20 de novembro de 2022.

- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Santiago de Compostela](#)
- [Listaxe definitiva de persoas aptas e non aptas de Ponferrada](#)